



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D <sup>a</sup> . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D <sup>a</sup> . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D <sup>a</sup> : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Escusa asistencia	D <sup>a</sup> , MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día trinta e un de maio de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (26/04/2017).**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de abril do ano que andamos que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de acordo da Xunta de Goberno Local modificando o proxecto incluído no Plan Complementario para o ano 2017 do POS +2017 (Plan único de concellos)**

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local , en sesión ordinaria, celebrada o día once de maio de dous mil dezasete, que di o seguinte:

“7º.- Outros asuntos

7.5.- Aprobación, se procede, da modificación do proxecto da obra de Asfaltado de vías en San Xián, Merín e San Mamede (POS + 2017 Complementario)

Con data vinte e dous de febreiro aprobouse polo Pleno da Corporación o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2017”, e o Plan Complementario do ano 2017 no que se incluía o proxecto Asfaltado de vías en San Xián, Merín e San Mamede por importe de 228.759,97 euros.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dentro deste proxecto do Plan Complementario estaba incluída unha obra de creación dun espazo de aparcamento no Centro Social de San Xián de Sales, nun terreo linde á estrada provincial, en terreos da súa propiedade, polo que se necesitaba autorización dese Organismo para levala a cabo.

Dada a complexidade e dificultade na obtención da citada autorización e para evitar o retraso na aprobación do Plan POS + 2017, considérase máis axeitado suprimir o citado investimento no proxecto presentado.

A Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da súa ratificación no próximo pleno, acorda:

- 1º.- Aprobar o modificado do proxecto da obra incluído no Plan Complementario do POS 2017 +, ascendendo o novo orzamento á cantidade de 217.982,32 euros.
- 2º.- Remitir o proxecto modificado á Deputación Provincial.”

O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE di que o seu grupo votará a favor incidindo en que a esa obra que se retira do plan se lle busque unha alternativa, posto que é algo que demandan os veciños, estrañándolle que non se substitúa por outra cando hai tantas que facer en Vedra.

Sinala tamén que na Comisión Informativa de onte solicitou a documentación e que non lle se enviou.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA expón que é unha cuestión repetitiva neste goberno, enviar a documentación sobre os asuntos a tratar dous días antes ou 40 horas, polo que votarán en contra por non ter recibido a documentación .

Intervén a Presidencia e expón que a única modificación en relación co plan é unha obra que todos coñecían e que houbo que retirar , polo que non é necesaria a documentación moito antes. Só é unha obra que estaba prevista nun plan que todo o mundo examinou e teñen que retirar.

Di tamén que se intentou incluír outra e vistos os atrancos e retrasos, a solución máis rápida era retirala e xa buscará a solución, e así non retrasan o resto das obras.

En canto ás contías, estase a falar do Plan Complementario, un plan que teñen que presentar de xeito obrigatorio os concellos, pero que non se sabe con certeza nin se se vai facer por completo. Fíxose un plan amplo calculando que se podían dar remanentes no resto do ano para que non pase ao revés, pedir menos obras cas que poderían facer cos cartos que mandan.

Pídelle desculpas ao Sr. Lago Lestón por non terlle remitido a documentación, porque pensou que era Beatriz Amenal a que estaba na Comisión Informativa.

O Sr. Lago Lestón di que non lle parece que no concello haxa cousas grandes e pequenas, simplemente hai que chegar a un acordo e para chegar a el hai que mandar a documentación pertinente co tempo suficiente, e retirar esa obra que implica modificar un plan e que eses veciños non van poder beneficiarse desa obra.

A Presidencia di que discrepa, xa que neste caso a obra retírase do plan porque non se pode seguir adiante con ela.



O Sr. Pose Rodríguez di que se trata dunha obra cun orzamento de 8.000 euros imprescindible para ese centro social de San Xián, entendendo que non hai unha obra máis importante para esa parroquia, e 40 horas antes decátase de que se suprime e non dan tempo nin de preguntarlle aos veciños, posto que eles traballan e non teñen dedicación exclusiva.

A Presidencia recórdalles que hai que retirar a obra porque a Deputación non está autorizando a súa realización, e está gobernada polo PSdG-PSOE –BNG.

O Pleno, con once votos a favor do PP e PSdG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA, acorda ratificar o citado acordo

### **3º.- Aprobación, se procede, da convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal de Vedra**

Dáse conta da proposta de bases da convocatoria para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro, informadas favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas o día 29 de maio do presente.

O Sr. Lema Mougán do PP expón que se trata de regular as subvencións a estas entidades, quedando exceptuados os convenios, e que é o camiño para avanzar, porque conceder as axudas a medida que se van solicitando, ás veces hai fondos pero ás veces non.

Sinala que no orzamento van unas cantidades ás que as entidades poden acudir, e que con estas bases trátase de ordenar e racionalizar as axudas do concello.


Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE expón que lle chama a atención que a contía ascende a 12.000 euros con cargo á partida correspondente para as actividades culturais. Pregúntalle ao Sr. Secretario se se poden aprobar unas bases de convocatoria de subvencións con cargo ao orzamento que nin está preparado nin aprobado, nin en vigor, contestándolle este que esa partida figura no orzamento prorrogado do 2016, e cando se convoquen as subvencións entón é cando ten que estar a partida.

A citada concelleira di que non poden votar a favor porque non teñen o orzamento para comparar en que meten os cartos que van ir a cultura, que lle faltan moitos datos, polo que se van abster, solicitando que dende o concello se lles dea axuda para tramitar todo o papelorio.

O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA Vedra di que o grupo de goberno reconece que non hai orde nos criterios de concesión de subvencións.

Sinala que xa na Comisión informativa expuxo que existe un regulamento ao respecto, que é sistematicamente incumplido polo goberno, e que está vixente; que hai aspectos nos que ese regulamento entra en contradición con estas bases, e que na citada comisión non se concretou cal vai ser o que prevalece, entendendo que prevalece o regulamento sobre das bases anuais.

Di tamén que no seu programa electoral contaban cun apartado para o apoio e dinamización do asociacionismo e a cultura, e propoñían uns sistemas de apoio máis efectivos e sinxelos en canto á tramitación, baseados en convenios, porque entenden que



as asociacións deben enredar o menos posible na tramitación administrativa, e estas bases non axudan niso.

Por último di que estas bases se van aprobar no mes de xuño, que hai que publicalas, un mes para presentar as solicitudes, tres meses para recorrelas, co cal van vir os festivais de Nadal, a non ser que estean predestinadas a certas asociacións con información privilexiada e xa traballaran co tema, co cal non van votar a favor delas.

A Presidencia di que por algún punto hai que empezar, e que no eido da cultura xa existen convenios, que moitas das actividades culturais que se prestan no concello xa se fan así precisamente para facilitar isto, pero legalmente hai limitacións.

Expón que o que se busca é organizar a planificación das actividades, que a xente planifique e saiba máis ou menos que actividades e que necesidades económicas pode haber ao longo do ano, ao igual que no ámbito deportivo.

Queren que todo o mundo teña acceso a esa convocatoria, que o que acontecía moitas veces e que moitas asociacións facían os seus pedimentos a finais de ano e ás veces non se podía axudar porque as partidas estaban esgotadas.

Non nega que vaian con retraso pero que entra a xustificación de todas as actividades do ano 2017, e poden acudir a ela, e que dende o concello se lles facilitará toda a axuda posible na tramitación, como se fai coas subvencións da Deputación.

O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA di que eses aspectos e procedementos aparecen recollidos no regulamento.

Postas a votación as bases, o Pleno con sete votos a favor do PP e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG-AA , acorda aprobar as mesmas.

#### **4º.- Dar contra do escrito do Bloque Nacionalista Galego sobre baixa do concelleiro don Roberto Castro Rocamonde no grupo municipal do BNG-AA.**

Dáse conta do escrito da formación política Bloque Nacionalista Galego comunicando a baixa do concelleiro don Roberto Castro Rocamonde no grupo municipal do BNG-AA no concello de Vedra.

De acordo co disposto no artigo 73 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local:

Primeiro.- O Pleno toma coñecemento da baixa do concelleiro don Roberto Castro Rocamonde no grupo municipal do BNG-AA do concello de Vedra.

Segundo.- O citado concelleiro terá a condición de concelleiro non adscrito.

#### **5º.- Acordo sobre modificación da composición das Comisións Informativas Permanentes do concello.**

Por parte do Sr. Secretario dáse conta da nova situación con motivo da baixa do concelleiro don Roberto Castro Rocamonde no grupo municipal do BNG-AA e a súa condición de concelleiro non adscrito.

Segundo a lexislación vixente este concelleiro non pode ter máis dereitos que antes, co cal seguirá formando parte das mesmas comisións informativas: da de Economía e



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Especial de Contas e da de Asuntos Xerais, pero non da de Urbanismo e Plans e por outra parte o BNG-AA estará representado en todas polo seu voceiro don José Antonio Pose Rodríguez.

Polo tanto ás Comisións Informativas quedan constituídas do seguinte xeito:

### COMISIÓN DE ECONOMÍA E ESPECIAL DE CONTAS:

- D. Enrique Vázquez Martínez (PP);
- D<sup>a</sup>. María del Pilar Pereiro Rey (PSdG-PSOE)
- D. José Antonio Pose Rodríguez (BNG).
- D. Roberto Castro Rocamonde (concelleiro non adscrito)

### COMISIÓN DE ASUNTOS XERAIS:

- D. Rogelio Lema Mougán (PP);
- D<sup>a</sup>. María Beatriz Amenal Junquera (PSdG-PSOE)
- D. José Antonio Pose Rodríguez (BNG).
- D. Roberto Castro Rocamonde (concelleiro non adscrito)

### COMISIÓN DE URBANISMO E PLANS:

- D. Manuel Costa Carneiro (PP);
- D. Ramón Lago Lestón (PSdG-PSOE)
- D. José Antonio Pose Rodríguez (BNG).

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE expón que non quere desaproveitar a ocasión para protestar, posto que deste acordo acábase de decatar agora a trinta minutos do pleno, e que non lle vale a explicación dada polo Sr. Secretario de que figuraba na convocatoria da orde do día, posto que tamén figuran os demais asuntos e antes de ir ao pleno débátese e estúdanse na Comisión Informativa.

Ademais di que vén a colación que acaba de recoñecer o Sr. Alcalde que van con algo de retraso, e isto é retraso sobre retraso.

A Presidencia aclara que fixo referencia ao retraso no tema da aprobación das bases de subvencións para entidades sen ánimo de lucro e neste tema comentou que el mesmo se decatou hoxe de como quedaba a composición das Comisións, basicamente porque é un tema exclusivamente de Secretaría

A citada concelleira contéstalle á Presidencia que o artigo 73 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local di outra cousa, e que non sabe se é coñecedor de varias sentenzas do Tribunal Constitucional que veñen a complementar o que di aquí, e se el se decatou hoxe é que non leu a orde do día do Pleno e que non lle interesaba. Se hai que tomar un acordo haberá que informalo previamente na Comisión Informativa ou na Xunta de Voceiros, reprochándolle a falta de previsión e información aos membros das Comisións Informativas e nos Grupos Políticos Municipais.

Para rematar a Presidencia di que é un tema orgánico de Secretaría.



Ponse a votación e o Pleno por unanimidade dos asistentes, aproba a citada composición das Comisións Informativas.

**6º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo concelleiro don Roberto Castro Rocamonde para que se emenden as bases reguladoras para a selección de persoal mediante a constitución dunha bolsa de emprego público temporal.**

O Sr.Castro Rocamonde solicita a declaración de urxencia deste asunto porque afecta ás bases reguladoras para a selección de persoal mediante a constitución dunha bolsa de emprego público temporal, xa publicadas, pero aínda quedan tempo suficiente para a presentación de solicitudes.

O que se pretende é emendar dous aspectos das bases.

1º) Suprimir o último parágrafo da cláusula cuarta que di “As persoas con minusvalía serán admitidas en condicións de igualdade cós demais aspirantes, agás que a restrición padecida lles impida ou que resulta incompatible co desempeño das funcións propias da praza. O tribunal examinará e resolverá de xeito motivado estas peticións podendo solicitar o oportuno informe dos organismos competentes”, posto que é totalmente innecesario pois os aspirantes xa teñen que achegar certificado médico de aptitude ao posto de traballo, e a súa redacción dá un tratamento desprezativo a estas persoas. Son persoas con discapacidade ou con diversidade funcional, non “minusválidos”, e ademais polo feito de padecer unha discapacidade teñen que pedir que o tribunal acredite a súa aptitude, co cal xa non reciben sequera un tratamento igualitario.

2º) Engadir na cláusula oitava –procedemento de selección un apartado no que se aplicará discriminación positiva aos aspirantes con algunha discapacidade, nos seguintes termos: “As persoas con diversidade funcional faráselle unha corrección da puntuación obtida (suma da puntuación da fase de concurso e da fase de oposición) mediante a aplicación dun coeficiente multiplicador proporcional ao seu grao de discapacidade. Este coeficiente terá un valor máximo de 1,75. A puntuación final é o seu valor corrixido.

Di que entende que é deber das administracións públicas favorecer a integración das persoas con diversidade funcional e para iso cando menos deben establecer as condicións de equidade , polo cal pide o voto favorable á urxencia da moción

A Presidencia di que quere facer unhas aclaracións en canto á urxencia do asunto, que o tema entra nas función da Xunta de Goberno, e aínda así mandóuselle aos grupos un borrador das bases, cando menos cunha semana de antelación, para debatelas nunha comisión.

Expón tamén que el non estivo na comisión, cónstalle que o PSdG-PSOE entrou no debate das bases e descoñece se o BNG-AA fixo algunha achega ás mesmas, posto que tiña que telo feito nesa comisión; e aínda así o luns nas Comisións Informativas preparatorias do pleno, fóra da comisión se volveu a falar do tema e explicáronse as posturas.

En canto á terminoloxía antiga tomaron a suxestión e xa foi corrixida; en calquera caso por estes motivos o seu grupo vai votar en contra da súa urxencia.

O Sr. Castro di que o BNG-AA estivo na Xunta de Voceiros na que asistiu el accidentalmente, na que se propuxeron modificacións que tiveron efecto, entre elas, que





de maneira máis ou menos oculta pretendíase a vixencia destas bases por catro anos, salvo derogación expresa, e foi unha achega para que a vixencia fose de dous anos. Tamén -di- fixéronse máis que non foron aceptadas polo grupo de goberno, que efectivamente estes puntos non se trataron na Xunta de Goberno, e que se non ten argumentos para dicirle que non está de acordo e xustifique cuestión de prazos, é o seu argumento, pero que non intente buscar outras cuestións que non son as do asunto.

A Presidencia dille que non intente dicir cousas que non son certas, que unha cousa é que propuxeran catros anos e outra cousa é que parecera razoable que fosen dous anos; polo que solicita que se proceda á votación da urxencia do asunto, que se rexeita con sete votos en contra do PP e seis votos a favor do PSdG-PSOE, BNG e de don Roberto Castro Rocamonde.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregúntalle á Presidencia se existe algún motivo polo que el non puidese dar a súa opinión como voceiro dun grupo político neste tema, pedíndolle a Presidencia desculpas e cedéndolle a palabra.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA expón que supoñendo que se equivocasen, e que non avisaran en tempo, o procedemento de urxencia está para estes casos, para cando exista un erro.

A Presidencia para rematar reitera as desculpas, e di que é un asunto da Xunta de Goberno, outra cousa é que puidesen debater nunha Xunta de Voceiros e houberse opinións de todos os grupos.

Procédese de novo a votación da urxencia, e rexeitase co mesmo resultado.

#### **7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

--Á pregunta do Sr. Pose en relación á modificación do PXOM do Polígono Industrial, di que era un rogo aos cales prefire esperar a que as alegacións estean informadas.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre do farol de San Miguel, que non vai contestar máis respecto deste, e do de San Xián que debe estar arranxado, de non ser así que o comuniquen.

2º.- Polo que respecta ás facturas do Obradoiro de Emprego, di que o gasto total ascende á 225.539,41 euros, dos cales a Xunta achegou 178.242,73 euros e o concello 47.296,68 euros, dos cales 39.495 euros corresponden aos materiais.

Di tamén que hai dous apartados: persoal (48.343,00) e gastos xenéricos (2.968,00), e que a Xunta non financia liquidacións de alumnos e profesores, e outros gastos xerais de funcionamento. Estes 47.000 euros son materiais da obra de Vedra.

3º.- En canto aos gastos de mantemento dos campos de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla e San Mamede de Ribadulla, di que o mantemento consiste en pasar unhas máquinas para levantar o céspede e distribuír o caucho, que se fai tres veces ao ano, e faise para que estea nunhas mínimas condicións para que aguanten o máximo posible mentres non aparece o financiamento para cambialos, primeiramente o de San Mamede porque ten dous anos máis.

En canto ao importe do investimento di que contestará no seguinte pleno.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



- 4º.- Sobre da nave de Trobe, di que cre que todo o que correspondía está feito.
- 5º.- Polo que respecta aos camiños en San Xián, di que o que que pasa pola parte de abaixo de Calvelo, a limpeza da herba xa está, quedando os postes e ten que entrar a pala, e o de Quintás que se toma nota para incluílo no catálogo de camiños.
- 6º.- Por último en canto ás prazas que non deixa cubrir os Presupostos Xerais di que é unha opinión que non comparte.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE, a Presidencia contesta:

- 1º.- En canto aos carteis, di que ten razón, e que consideran habilitar unha partida para renovar os sinais do concellos.
- 2º.- Polo que respecta aos pasos de cebra, que a estrada é da Deputación e que xa faláron cos enxeñeiros.  
Expón que a idea do concello é que fagan os pasos elevados “lombos de burro”, e están a estudar o asunto. O concello solicitoulle que o autorizasen, estando disposto o concello a asumir o seu financiamento.
- 3º.- Sobre das substitucións na Casa da Terceira Idade, di que cando había que substituír á traballadora eran poucos días porque coincidía o peche da casa da terceira idade coas vacacións. Di que se ía encaixando con persoal propio do concello, pero este ano xurdiu unha baixa prolongada, e non había posibilidade de substituíla con persoal propio do concello nin listas de substitución, nin daba tempo a un proceso selectivo, nin se ía pechar o centro, polo que se acudiu a unha empresa externa para cubrir ese servizo. Iso foi o que motivou a creación desas listas de substitución.
- 4º.- Sobre dos vultos na pista do Pavillón, que é un problema de adherencia sempre no mesmo sitio, unha cousa estraña non normal nin habitual. Pensan que foi un exceso de presión nun momento dado, e por iso non se adhire ben. Di que é un problema de fácil solución, aínda que pode volver a ocorrer se existen problemas de humidade.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, a Presidencia contéstalle:

- 1º.- Sobre da privatización do punto limpo, di que é unha opinión que non comparte.
- 2º.- En canto ao mantemento da mediana da Susana, di que este venres das 12 parroquias, 8 estarán listas o que lle parece que non van mal, felicitando aos dous tractoristas polo esforzo.
- 3º.- Sobre do pagamento dos terreos da ampliación da estrada en Sarandón, di que queda xa prevista nos orzamentos iso.
- 4º.- Polo que respecta ao anuncio do Sr. Feijoo da baixada de impostos e taxas nos concellos, di que non toca agora.
- 5º.- Sobre do orzamento destinado para a loita contra da avespa velutina cédelle a palabra ao concelleiro don Enrique Vázquez, quen di que a loita estase a facer con medios propios, tanto en persoal como en medios, e a colaboración de voluntarios de Protección civil e apicultores de Vedra.  
Di que dende que o concello se adheriu ao convenio coa Xunta de Galicia contamos a maiores cunha pértiga, e que os gastos a día de hoxe aproxímanse aos 3.000 euros de orzamento íntegro municipal, aínda que se lle solicitou á Xunta apoio económico para poder afrontar estes gastos, que nos vindeiros meses poden aumentar considerablemente.  
As trampas e líquidos atraentes mércanse en distintos establecementos do concello, e os criterios para a súa colocación establécense entre o concello e os voluntarios que están





en contacto coa Asociación Galega de Apicultores, que son os que marcan os protocolos a seguir, e en función dos lugares nos que se retiraron niños anteriormente.

6º.- En canto ao tema da transparencia municipal, di que xa se remitiu a documentación do SIUX.

7º.- Polo que respecta á información que afecta a cinco concelleiros do PP, di que xa enviou toda a información que solicitaba.

O Sr. Castro Rocamonde dille que non lle enviou o que pedía no escrito, contestándolle a Presidencia que toma nota e pasaralla a Tesourería.

8º.- Sobre do Plan especial de infraestruturas e dotacións de Xián, xa se deu orde ao departamento urbanístico e á asesoría xurídica de investigar e analizar todos os feitos e circunstancias entorno a este plan, e adoptar as medidas e iniciar todas as accións que se consideren necesarias.

9º.- En canto ao tema das foxas sépticas di que ben sabe que nas actas das comisións non se recolle todo o que se fala, e que nesa sesión concretamente falou sobre 10 minutos e non esas tres liñas que figuran na acta, e en concreto de Tomonde nunca dixo que os baleirados os estaba a facer Viaqua, senón que se vertían á Edar de Ponte Ulla no rexistro que previamente lle indicou Viaqua.

Nesa mesma comisión vostede indicou que había outros baleirados a parte do de Tomonde, que non estaba facendo Viaqua, e que el non sabía, e vostede quedou en dicir cales eran, pero en calquera caso xa mantivo unha reunión coa concelleira para falar diso.

Dille tamén que é certo que o primeiro baleirado de Tomonde o fixo Viaqua, pero relacionado con outra pregunta súa, non se lle remitiu máis documentación porque era a mesma que en agosto de 2016, onde se lle comunicou por escrito “.....foxas sépticas do CPI, gardería e pequena foxa séptica de Tomonde (en relación a esta última e por indicación de Viaqua cando precise de novos baleirados o seu contido vértese na rede xeral da Edar de Ponte Ulla no rexistro previamente indicado por Viaqua”.

Para concluír sinala que pola súa parte xa está todo contestado e falado deste tema.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, a Presidencia contéstalle:

1º.- En canto á pregunta sobre do punto limpo cédelle a palabra ao concelleiro don Enrique Vázquez, que di que dende a empresa informáronlle que un dos obxectivos da regra das tres R era precisamente a reutilización, e polo tanto calquera veciño que precise dunha peza concreta que estea depositada nos colectores do punto limpo e baixo pedimento á persoa encargada vai ter unha resposta positiva, como así están a facer noutros concellos, pero a empresa tamén ten que cumprir unha normativa e certos materiais poden contar con información sometida á Lei de protección de datos, polo tanto ten que existir un protocolo de actuación.

Di ademais que a empresa está disposta a elaborar un pequeno manual informativo sobre da posibilidade de reutilizar os materiais depositados no punto limpo por parte dos veciños/as deste concello, comprometéndose a darlle a maior difusión posible.

O Sr. Pose Rodríguez di que a el persoalmente o encargado díxolle que non era posible, contestándolle o Sr. Vázquez Martínez que pode ser que fose os primeiros días de estar a empresa no punto limpo, pero agora non existe problema.

2º.- Polo que respecta aos concellos de Santiago e Lalín, di que non lles consta que existan cartos sen xustificar dunha organización á que pertence o noso concello.



3º.- Á pregunta sobre de El Correo Gallego, di que o contrato vén de hai moitos anos, do anterior equipo de goberno, e que é algo que lles gusta e demandan os veciños/as, e sobre da legalidade di que estase a estudar.

4º.- A pregunta sobre do Arquivo Histórico queda pendente de contestar.

O Sr. Pose Rodríguez recórdalles que o Arquivo Histórico ten ata o 2019 un uso restrinxido.

### **8º.- Rogos e Preguntas.**

--Dona M<sup>a</sup>. Beatriz Amenal do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Solicita que se inclúa nas bases de selección de persoal mediante a constitución dunha bolsa de emprego temporal o discutido e aceptado, ao seu entender, na Xunta de Voceiros na que se trataron, que para non pasar ao final da lista en caso de renuncia, que a persoa se atope ingresada nun centro hospitalario ou presente un xustificante médico acreditativo de que non se atopa en condicións para incorporarse ao posto de traballo, posto que sucede que os casos de forza maior poden dar lugar a moitas interpretacións.

2º.- Con quen ten o concello asinados convenios de colaboración e en que consisten?

3º.- Dado que a empresa de recollida de voluminosos ou os horarios do punto limpo, ou as persoas non están concienciadas, ao carón dos colectores de recollida de lixo aparecen voluminosos amontoados, como é o caso de Quintáns que hai un colchón tirado dende hai tempo, ten o concello previsto algún tipo de actuación?

O Sr. Vázquez contéstalle que se van retirar eses voluminosos tan pronto se recibe o aviso, e que se trata dun tema de concienciación, replicándolle a citada concelleira que non se pode depender de que os particulares avisen, que se pode facer máis ao respecto.

Intervén a Presidencia e dille que é un tema complicado, e que dende logo están abertos a calquera suxestión para solucionar este problema, que efectivamente existe e incluso é reiterativo en moitos sitios, sinalando a concelleira que o equipo de goberno sabe o persoal co que conta para poder dar unha volta cada certo tempo, ou incluso que o persoal do servizo de recollida de lixo avise, se entra dentro do seu traballo.

4º.- En canto á ampliación da rede de abastecemento de auga potable o Sr. Alcalde dixo que se iría facendo cara os lugares nos que se demandase este servizo, dándolle neste momento traslado de varios veciños do núcleo de Cibrán que están interesados. Como poden facer?. Que procedemento hai que seguir?

A Presidencia contéstalle que teñen que presentar unha solicitude no Rexistro municipal, e logo hai que planificar.

5º.- Cal é o motivo de que non se lle enviase invitación aos membros do seu grupo para asistir á Romaría da Terceira Idade, a que sempre asistiu algún membro?

6º.- Nunha reunión que houbo polas obras na estrada de Vedra a Santa Lucía solicitou que se sinalizara ben a estrada, e vindo de Santiago de Compostela ao chegar á ponte da autopista non hai sinal de que existe un cruce á dereita, polo que pide que se lle solicite á Deputación a colocación da sinalización.

Así mesmo en San Xián existe unha demanda para un paso de cebrá no entorno da igrexa, e como se falou en Vedra estudar a posibilidade de colocar os “lombos de burro”.

7º.- Dadas as dificultades técnicas cos equipos informáticos para dar os servizos que queren dar, o concello vai destinar no orzamento municipal algo?



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



8º.- Ten o concello previsto apanar a herba seca das cunetas e repartila entre os gandeiros para paliar o “catastrazo”? É algo reiterativo todos os anos nesta época, pero solicita que se limpen as cunetas e lugares públicos posto que supón un perigo grave pola falta de visibilidade.

--O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE, pregunta:

1º.- Á vista da resposta dada en canto aos pasos de cebra, que proxecto teñen para o pavillón e a casa da terceira idade, posto que lle gustaría participar ?

2º.- En canto á problemática do pavillón, di que foi hai uns días por alí e parecen os Sete Outeiros de Roma.

A Presidencia di que o chan sempre tivo esas ondulacións, replicándolle o Sr. Lago Lestón que se se queren mellorar as instalacións que o fagan e non só un lavado de cara, e que xa se verá o día 2 no festival o problema.

3º.- Cando teñen previsto poñer as luces na casa da terceira idade?

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Por providencia da Alcaldía de data 21/03/2017 asinouse un contrato o 22/03/2017 cuxo concepto di” para a cobertura temporal de determinados servizos municipais afectados por baixas por incapacidade laboral dos traballadores, de luns a venres, durante 4 horas/día”

Á vista da mesma por estas circunstancias dunha baixa temporal podemos atoparnos na cadeira do secretario, tesoureiro, arquitecto, traballadora social, tractoristas, auxiliares de axuda no fogar..... a unha empresa substituíndoos, polo tanto salvo informe do Sr. Secretario contrario solicita que se anule o contrato por indefinición do obxecto.

2º.- Parece ser que unha empresa está cubrindo a baixa do conserxe do CEIP de Ortigueira , e o luns 29 e o martes 30 por algún motivo non se fixo esa cobertura. Pide que se explique esa incidencia.

3º.- Hai un par de semanas estiveron retirando os paneis da Ruta do Viño. Cal é a finalidade desta actuación?

4º.- O domingo 21 pareceulle ver que nos arredores do centro social de Vedra que estaban rozando veciños de Vedra. Foi así? Solicitóuselle colaboración dende o concello?

5º.- Días atrás uns veciños de Vedra non crían que existía unha concellería de protocolo. Solicita unha memoria ou detalle das actuacións que leva feito esta concellería?

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregunta:

1º.- Os días 28 de abril e 22 de maio saíron dúas novas na Voz de Galicia relativas ao tema da Comarcalización do Parque de Bombeiros e como lle afecta a Vedra.

Aparecen dúas opcións: una de 12.000.000 de euros en dous anos, onde se traballaba co concello de Santiago de Compostela, que incluía un novo parque acondicionando Salgueiriños e 54 novos bombeiros; e a do Consorcio con 3.000.000 de euros para 2 anos, con 800.000 euros para un edificio, 800.000 euros para persoal, que supón 18 bombeiros , e polo tanto quendas de 3 bombeiros.

Os concellos de Boqueixón, Vedra, Teo, Ames, Brión e Val do Dubra decidíronse polo parque do Consorcio, que son os limítrofes con Santiago de Compostela, e para facer



unha comparativa, Santiago con 90.000 habitantes ten un parque de 60 bombeiros, e o que se pretende terá 18 para atender a 70.000 habitantes.

Segundo lle informan bombeiros do parque de Santiago, un parque con ese persoal non cubre os protocolos de bombeiros en ningún dos casos, nin por incendios nin en caso de accidente, e vai en detrimento da seguridade da veciñanza e dos traballadores, xa que no caso de Santiago en caso de incendios desprázanse 7 bombeiros e en caso de accidente 5, sen mencionar que vai ser xestionado por una empresa privada, polo que a contratación do persoal será a dedo.

Di que pode acontecer o que pasou en Sigueiro hai poucos días, onde ardeu unha casa porque os bombeiros do Parque de Ordes, con 3 bombeiros por queda, estaban en Carballo, e os de Santiago non poden participar.

Está é a situación caótica na que nos quere meter, con cuadrillas de tres persoas para atender dende Val do Dubra ata Vedra.

Solicita que se reformulen seriamente participar nese parque de bombeiros do Consorcio; e de participar poñan como condición ineludible que a xestión sexa pública, e intenten unha comarcalización do servizo individualmente con Santiago de Compostela.

2º.- En Lombaos –Santa Cruz de Ribadulla- desapareceu un cruceiro, que coma todos os cruceiros responden a actos lutosos, a feitos que aconteceron no concello historicamente, de tal xeito que desprazar un cruceiro é un delito que se castiga pola vía do penal, posto que supón facer desaparecer a historia do concello literalmente.

Parece ser que, segundo veciños maiores do lugar, a súa colocación respondía a que no ano 1820 morreu un home nese lugar, polo que solicita inmediatamente que se presente denuncia ante Patrimonio e Seprona e se restituía no seu sitio, porque pertence aos bens de todos, e se se trasladou con permiso de Patrimonio que este o restituía para o mesmo sitio.

3º.- Pregunta se no aparcadoiro de Ponte Ulla hai unha praza para caravanas.

4º.- Sobre do proxecto de suficiencia enerxética para o local de Santa Cruz de Ribadulla previsto para o ano 2017, como van as obras?

5º.- En canto ao tema da legalidade do contrato con El Correo Gallego, solicita que se pida axuda ao concello de Santiago de Compostela que xa ten o tema resolto.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos.